

CONSELLO DE CAMPUS DE PONTEVEDRA – CASA DAS CAMPÁS

ACTA DA SESIÓN DO 13 DE DECEMBRO DE 2016

Sesión: Ordinaria

Lugar: Sala de Conferencias da Casa das Campás de Pontevedra, ás 9:30 h en primeira convocatoria, 10:00 h en segunda.

Data: 13/12/2016

Hora de comezo: 10:03 h.

Hora de remate: 11:47 h.

ASISTENTES:

Baamonde Silva Xosé
Corbacho Valencia Juan Manuel
Dopico Aneiros Dolores
García González Silvia
García Soidán José Luis
González Dopazo Lois
López Rubianes Lucrecia
Mato de la Iglesia Salustiano
Mollinedo Lois Carlos
Romo Pérez Vicente
Torres Romay Emma

EXCUSAN A SÚA AUSENCIA:

Cid Rodríguez Tania
Lantarón Caeiro Eva María
García-Pintos Escuder Adela
Picos Martin Juan

ORDE DO DÍA:

1: Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Apróbase por asentimento dos presentes.

2. Informe do Presidente.

- O Sr. Reitor destaca especialmente a aprobación no Consello de Goberno o 22 de xullo e en Consello Galego de Universidades do Programa de Doutoramento en Creatividade e Innovación Social e Sustentable e agradecer especialmente o traballo realizado pola

comisión encabezada pola profesora Ana Belén Fernández Souto e composta polos seguintes docentes:

María Isabel Míguez González

Montserrat Vázquez Gestal

Lola Dopico Aneiros

Juan Picos Martín

José Luis García Soidán

Vicente Romo Pérez

Alicia González Represas

Josefina Garrido González

Patricia Valcárcel Fernández

- O Sr. Reitor sinala que os días 23 e 24 de setembro celebrouse a terceira edición da feira de emprendemento Pont Up Store cun enorme éxito e cada vez maior apoio institucional. Cabe felicitar ao grupo G4plus e ao seu impulsor, o profesor Pedro Figueroa. O mesmo grupo é o encargado de realizar o observatorio urbano para o Concello de Pontevedra que está a piques de publicarse con máis de un millón de datos xestionados e que nesta ocasión contou cun grupo amplo de docentes do campus para completar datos de ámbitos como da cultura, deporte, eido social, etc. seguindo os preceptos de transversalidade do CREA S2i.
- O Sr. Reitor destaca que no mes de xullo a Escola de Enxeñaría Forestal converteuse no primeiro centro do campus de Pontevedra en conseguir o selo Q de Calidade, un distintivo co que a Universidade premia a aqueles centros que demostraron, de xeito voluntario e ante avaliadores independentes, a súa aposta e compromiso coa excelencia
- O Sr. Reitor destaca que se celebrou o nomeamento da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte como centro da Rede de Escolas Unesco coa presenza do vicepresidente da Xunta de Galicia, D. Alfonso Rueda.
- O Sr. Reitor felicita á Escola Superior de Deseño e Moda pola organización da décima edición do Debut
- O Sr. Reitor destaca que este ano por primeira vez se ten elaborado de xeito conxunto entre docentes da Escola de Enxeñaría Forestal e a Confederación Galega de Empresario da Madeira – Confemadera Galicia – o Informe de resultados da Industria da madeira e o moble de Galicia. Dito documento foi presentado polo profesor Juan Picos e responsables de Confemadera na Casa das Campás. Supón posicionar de forma clara á Escola de Enxeñaría Forestal de cara á elaboración dun documento estratéxico para o

sector.

- O Sr. Reitor sinala que no campus de Pontevedra tamén se acolleron por primeira vez os exames de Cambridge con 22 participantes e xa está comprometida a seguinte edición.
- O Sr. Reitor felicita o profesor Miguel Anxo Fernández que recibiu o XXXV Premio de Novela Longa Eduardo Blanco Amor, polo seu libro *Blues para Moraima*, e tamén felicita a Juan Picos que foi nomeado pola UE como un dos 20 expertos para un grupo de traballo impulsado pola EIP-Agri para estudar como mellorar a mobilización sustentable de biomasa nos bosques da UE. Tamén no eido de premios a estudantes, o ano está sendo especialmente prolífico cunha ampla representación no ámbito das artes, da moda e da creatividade en xeral.
- O Sr. Reitor sinala que estase a traballar coa consultora SPI que xa fixo o primeiro borrador do plan estratéxico do Campus CREA en informes sobre o cluster do CREA S2i e potencialidades para agrupacións estratéxicas e sobre potencialidades de relacións co tecido empresarial da contorna.

3. Informe sobre o Plan de Acción Green Campus 2016/2017.

- O Sr. Vicerreitor sinala que respecto o **Green Campus:** Agradece ós equipos directivos, PAS e estudantes a súa implicación neste proxecto. Por primeira vez se teñen organizado actividades na Semana Internacional de Mobilidade e o taller de reutilización de bicicletas Green Bike con gran éxito de acollida...de 5 prazas que se ofertan ao principio tivemos que chegar ás 14, de feito fixéronse 5 bicicletas para nenos a maiores que se cederon á Rede Axuda do Concello.
- O Sr. Vicerreitor sinala respecto a **optimización do consumo de auga e enerxía,** o seguinte:
 - Fíxose o seguimento e avaliación dos consumos de electricidade e auga para estudar medidas de aforro e a eficiencia enerxética.
 - Establecéronse medidas para aumentar a eficiencia e redución do consumo de auga e enerxía (sensores, focos led...)
 - Implantouse o servizo de gas natural (que en BBAA entra en servizo o gas natural este venres 9; en Fisioterapia está en execución e previsiblemente na semana do 12 ao 18 deberá entrar en servizo tamén)
 - Instaláronse carteis informando do número de litros de auga consumidos o lado dos pulsadores das duchas do pavillón.

- O Sr. Vicerreitor sinala as **medidas que fomentan a redución da xeración de residuos e mellora da recollida selectiva:**
 - Redución do uso de papel mediante a reutilización de sobres de correos
 - Reutilización do papel mediante a elaboración de blocs de notas
 - Correcto tratamento e xestión dos RAEE y RPA
 - Organización da III Semana de recollida de RAEE e RAP (en execución, xaneiro 2017), informarase en Xunta de Facultade.

- O Sr. Vicerreitor sinala as medidas que se fomentaron para traballan cara a **mellora da mobilidade e accesibilidade no Campus,** por ser un dos compromisos que o Campus de Pontevedra adquiriu no proxecto Green Campus:
 - Vaise a mellorar a accesibilidade a centros e instalacións do Campus (portas automáticas en BB. AA., Fisioterapia, Forestais e Pavillón. No Pavillón tamén se instalou un ascensor para dar acceso ás bancadas)
 - Promoción do desprazamento en transporte público, bicicleta o a pé en todo o campus (Iniciativa “Mobilidade verde”)
 - Realizáronse actividades durante a Semana Europea da Mobilidade 16-22 setembro (supresión temporal do tráfico zona central no Campus A Xunqueira e realización das actividades).

- O Sr. Vicerreitor sinala as **medidas que fomentan a biodiversidade, reforestación e adecuación das zonas verdes:**
 - Promover as zonas verdes e incrementar a súa calidade (continuación da adecuación como zona verde da parcela P-1 do Campus coa construción da rampla de acceso á Avenida de Compostela)
 - Construción de caixas nido de madeira (construción e colocación de caixas nido en colaboración coa Asociación Vaipolorío).

- O Sr. Vicerreitor sinala as **medidas que fomentan a participación, sensibilización e voluntariado ambiental:**
 - Fomentar a implicación e sensibilización da comunidade universitaria, mediante a difusión a través do DUVI e redes sociais das actuacións do Green Campus e das noticias relacionadas co medio ambiente.
 - “Green bike”. Taller de reutilización de bicis e posterior distribución entre organizacións sociais (reparación e reciclaxe de bicis para reutilización).

- O Sr. Vicerreitor, sinala que para gustaríalle anunciar os **traballos para a posta en marcha dunha bolsa Green Campus**, para estudantes do Grao en Enxeñaría Forestal, para que colaboren nas tarefas de difusión e concienciación. Tanto é así que no mes de outubro fomos convidados a presentar o noso proxecto no Encontro Ibérico de Eco-Universidades celebrado na Universidade de Minho en Braga.

4. Rogos e Preguntas.

- D^a. Silvia García sinala que ante a incerteza da RPT, as persoas que se impliquen en postos académicos, se lles teña en conta este mérito dalgún xeito.
 - O Sr. Reitor responde que legalmente isto é imposible.
- D^a. Silvia García, indica que se poden suprimir prazas na biblioteca, asuntos económicos, etc.
- D. Gustavo Rodríguez, sinala que se establecerá una relación de postos de traballo nova, e pregunta que ¿como quedará a Facultade de Fisioterapia? coa nova RPT:
 - O Sr. Reitor indica que este proceso se negociará coas Direccións, Decanatos e cos traballadores, para establecer as prazas, o proceso de adscrición e o concurso de traslados.
- D^a. Silvia García, sinala que en ocasións existen problemas coas plataformas e cos procedementos, especialmente cando hai cambios de normativas. Pregunta se sería posible un mecanismo que actualice os cambios destas normativas nos doutoramentos, no que fai referencia a información, aportación de documentos, etc.
 - O Sr. Reitor indica que co concurso de traslado existen problemas de execución, que son estruturais e temporais. Polo que cando se finalice co proceso, xa estarán as persoas situadas e posiblemente se axilizarán todos estes procesos de actualización.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10:47 h., co visto e prace do Presidente e do que eu como Secretario dou fe.

Pontevedra a 13 de decembro de 2016

O Secretario

José Luis García Soidán

V^o e Prace do Presidente

Salustiano Mato de la Iglesia